



RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEAN OS VOGAIS DA COMISIÓN DE VALORACIÓN

Pola Orde do 4 de xuño de 2019 apróbanse as bases reguladoras que rexerán o concurso público de nove bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e procédese á súa convocatoria (DOG núm. 114, do 18 de xuño de 2019).

A base oitava da orde de convocatoria (*Instrución*) establece que, para a adxudicación das bolsas, constituirase unha comisión de valoración que levará a cabo a avaliación das solicitudes admitidas e que estará integrada polos seguintes membros:

- **Presidente:** o coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- **Secretario:** o secretario dos Consellos Científico e Executivo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- **Vogais:** Dous funcionarios da Secretaría Xeral de Política Lingüística e un director dos proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, propostos polo coordinador científico e nomeados polo secretario xeral de Política Lingüística.

Co previsto na base oitava da orde de convocatoria, e logo da proposta efectuada polo coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, RESOLVO

Nomear os seguintes vogais que integrarán a comisión de valoración para a adxudicación das ditas bolsas:

- María Sol López Martínez
- Ruth Otero Vilar
- M^a Carmen Nieves Seoane

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2019

O secretario xeral de Política Lingüística


Valentín García Gómez